



Ministerio de la Presidencia y
para las Administraciones
Territoriales
Reg. Gral. de la Subdel. Gob. en
Lugo
ENTRADA
Nº Reg: 000006300e1800507716
Fecha: 22/02/2018 09:41:52

D. Julio Díaz Escolante, con D.N.I 33858617H como representante legal de **ANPE-GALICIA Sindicato Independiente**, con enderezo de notificación na rúa San Roque N° 94-98, C.P 27002 de Lugo:

EXPÓN:

- Un dos principais problemas dos que adoce actualmente a nosa Comunidade Autónoma é a perda de poboación polo descenso no número de nacementos e o acelerado ritmo de envellecemento da mesma.
- Consideramos que un dos principais motivos que causan o descenso no número de nacementos é a falta de políticas e de medidas firmes que faciliten a conciliación da vida familiar e laboral, o que sumado ás dificultades que se teñen xerado coa pasada crise económica nas familias galegas desanima ás parellas á hora de ter fillos ou de incrementar a familia.
- Así mesmo, e en relación co anteriormente exposto, consideramos que é urxente e imprescindible adoptar medidas firmes e decididas que promovan unha efectiva conciliación da vida familiar e laboral.
- Recentemente vén de ampliarse o permiso por parto en Galicia das 16 ás 20 semanas. De todos os xeitos, desde a nosa opinión, o outro proxenitor non se ve en igualdade de dereitos ao ter unicamente un permiso retribuído de 5 semanas de duración.
- Igualmente nas últimas datas outras Comunidades Autónomas, como é o caso do País Vasco, optaron por igualar ambos permisos para os dous proxenitores. Outras como a Rioxa están a estudar o establecemento da mesma medida.

É polo que SOLICITA:

- **A ampliación do permiso do outro proxenitor ou familias monoparentais por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo recollido na normativa actual e a súa equiparación en duración ao permiso por parto fixando, polo tanto, a duración de ambos en 20 semanas.**



Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2018.

Asdo.: JULIO DÍAZ ESCOLANTE.
PRESIDENTE ANPE GALICIA

**ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE FUNCIÓN PÚBLICA DA CONSELLERÍA DE
FACENDA**

Edificio Administrativo San Caetano, s/n 15704 Santiago de Compostela.